



## CERTIFICADO DE INTERRUPCIÓN DO SERVIZO

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Amtega, como responsable da operación e administración tecnolóxica da sede electrónica da Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

- Que o 24/05/2022 entre as 12:29 h e as 14:42 h produciuse unha incidencia técnica non planificada que provocou unha indispoñibilidade xeral na sede electrónica da Xunta de Galicia que impediu a presentación electrónica de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos no rexistro electrónico xeral.

De acordo co establecido no artigo 3 no Decreto 25/2020, do 13 de febreiro de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se regula a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos, no caso de determinadas incidencias técnicas que imposibiliten o funcionamento ordinario da sede electrónica da Xunta de Galicia, os prazos de vencemento para a presentación de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos que finalizaran o 24/05/2022 ampliaranse automaticamente vinte catro horas hábiles, contadas a partir da súa finalización.

Santiago de Compostela

